



**XORNADAS
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
2017**

**MÚSICA
[E OUTRAS
ARTES]**

7 out-25 nov
2017

Santiago de
Compostela

Grupo Cosmos 21

SAB 7 OUTUBRO — 20.30 h
CGAC

Vicente Martínez, Frautas e asistente | Cátedra do RCSMM

David Arenas, clarinete baixo e si b | Profesor do Cons. R. Halffter de Móstoles

Joaquín Franco, saxo alto e tenor | Cátedra do RCSMM

Emilio Sánchez, violín | Profesor do Conservatorio de A. de Henares

Raúl Pinillos, violonchelo | Profesor do Cons. Victoria de los Ángeles de Madrid

Inma Calzado, piano | Profesora do Conservatorio Arturo Soria de Madrid

Luisa Muñoz, pequena percusión | Profesora do IES Emp. M^a Austria de Madrid

Susana Toribio, coordinadora

Carlos Galán, dirección

Programa

CONCERTINOS CÓSMICOS (ESTREAS DO XXX ANIVERSARIO)

I

Manuel Angulo (1930)
*Concertino para saxo y conjunto de cámara** (2017)
Joaquín Franco, saxo

Antón García Abril (1933)
*Cosmos matérico** (2017)
Emilio Sánchez, violín

Tomás Marco (1942)
Materia cósmica (2017)

Carlos Cruz de Castro (1941)
*Concertino para violonchelo y cinco instrumentos** (2017)
Raúl Pinillos, violonchelo

II

Josep Soler (1925)
*Cuarteto** (2017)

Rubén L. Someso (1979)
*Tú eras el viento*** (2017)

Alfonso Romero (1957)
*KOS MOS, concertino para flauta** (2017)
Vicente Martínez, frauta

Carlos Galán (1963)
*Música Matérica L. Op. 105** (2017)
Luisa Muñoz, percusión

*Obra encargada para o XXX Aniversario do Cosmos 21

**Estrea mundial. Encargo do CNDM

O Grupo Cosmos 21, embarcado na súa trixésima tempada de concertos e de cara a realzar o extraordinario nivel individual de cada un dos seus membros como solistas, pediu unha serie de partituras aos máis prestixiosos compositores para este concerto extraordinario do seu ciclo "Músicas del cosmos". Angulo (saxo), García Abril (violín), Cruz de Castro (violonchelo), Moreno Sabio (piano), Romero (frauta), e Galán (percusión), foron os encargados de escribir unha partitura, na que, ben como solista destacado (Cruz de Castro), dialogante (Angulo), en lixeiro relevo (Romero), concertador (Soler), lírico (García Abril) ou xerador de texturas (Galán), se crea un mostrario do frutífero discurso dun solista cun grupo. Cosmos 21 amósase unha vez máis neste concerto como o conxunto pioneiro en Europa á hora de revivificar a posta en escena e coidar a madurez na presentación pública das obras, tal e como testemuñan ás máis de 300 estreas que se contan na súa traxectoria. O programa inclúe outro encargo para a esta singular celebración que asina Josep Soler. Para terminar, unha composición de Marco e unha estrea de Someso, todo un clásico da música española e un dos autores emerxentes. Un e outro sintonizan á perfección coas directrices marcadas polo fundador e director do conxunto, Carlos Galán, sempre nese afán por abranguer o vivo e amplo espectro da creación contemporánea.

Cosmos 21

Presentouse ao público en febreiro de 1988 en Madrid. Dende entón, percorreu toda a xeografía española e realizou repetidas xiras por Italia e Xapón, sendo unanimemente recoñecido pola súa entrega e paixón no escenario. Entre as súas últimas actuacións destacan os concertos no Auditorio Nacional, na Fundación March (entre moitos outros, elixidos para protagonizar a súa Aula de Reestrenos nº100), monográficos de Barber, Mestres Quadreny, Fdz. Álvarez, Galán, Zimbardo, Barja, Minimalismo e Escuela de Viena e a interpretación de dous Concierti Grossi do seu director (acompañado pola ORCAM), amais da participación no escenario na estrea da ópera *a-Babel*, no Teatro de la Zarzuela. O Grupo xira no 2000 por Xapón e Italia fai tamén unha xira americana en 2008. Polo seu XXV aniversario, unha xira mundial polos XXVI Festivals Internacionais de Trieste (Italia e Eslovenia) e XXVI da Habana (Cuba). Na súa andadura, destaca a gravación de 18 CD's (un dobre CD *Cosmos 21:15 años con la música española* e *Ryoan*, para Several Records, *Música Matérica* -triple CD de C. Galán, para Factoría Autor- e dobre CD monográfico para VERSO). Ven de sacar outros dous triples CD's *25x25* e unha Segunda Integral da *Música Matérica*. Dado o interese dos seus programas e o minucioso traballo de ensaios e preparación de cada obra, gravou boa parte do seu repertorio para RNE e máis de dous centos de compositores españois dedicáronlle obras. Crea o ciclo propio de "Músicas del Cosmos" en Madrid, Salamanca, Sevilla, Córdoba, Cuenca ou Murcia, "Solistas del Cosmos" e "Conciertoencuentro.cosmos". Conta con apoios e subvencións estatais do INAEM, CM, IAE e a Fund. SGAE. Dende que en maio de 1987 Carlos Galán comezou a xestar a creación dun grupo adicado á música máis actual, a montaxe de cada obra planifícase con grande amplitude de tempo, para permitir unha maduración técnica e estética da súa interpretación, sempre en colaboración cos propios compositores. O grupo Cosmos 21 foi pioneiro en Europa na consideración do concerto como espectáculo integral no que se teñen en conta aspectos extra musicais como o vestuario, o movemento

escénico ou a luminotécnica entre outros elementos,. Configúrase así unha coreografía autenticamente viva da posta en escena do feito musical contemporáneo. G. Torner deseñou unha nova carpeta conmemorativa do seu XXV aniversario e E. Stih os colgantes polo seu XXX aniversario.

Carlos Galán, director

Vive para nacer a cada instante. Nado en Madrid en 1963, estuda no RCSM da cidade, onde se gradúa como Profesor Superior de Piano e Acompañamento e Profesor de Composición, e obtén diversos Premios de Fin de Carreira. Entra neste centro como profesor de Improvisación en 1985, e desemprega na actualidade labores de catedrático. Bolsas para Bélxica, Italia, Polonia, Alemaña e Hungría. Elixido como pianista nas I e II Muestras Nacionales, realiza repetidas xiras por América (1991, 1998, 2001 e dúas en 2004), Xapón e Italia. Como director, centrouse na condución do Grupo Cosmos 21, do que tamén é creador. Foi seleccionado para dirixir á Orquesta Savaria no curso de directores de Sombathely (Hungría) para o concerto final do Festival Internacional. Grava el mesmo a súa obra completa para orquestra para Iberautor. Como pianista e/ou director estreou máis de trescentas obras dos máis prestixiosos autores. Como compositor, obtivo o I Premio C. Halffter, I Premio Varcárcel, IV e VI Tribuna de Compositores da Fund. J.March, Concerto final de Darmstadt 88, II Muestra Nac. de Cámara, SGAE 1991, Diploma de MéritoTIM 2000. A súa obra estreouse e programouse en festivais internacionais de Reino Unido, España, Italia, Alemaña, Brasil, Arxentina, Bulgaria, México, Rusia e Portugal. É o compositor máis novo do que a SGAE editou catálogo. Sacou 6 CD's coa *Integral de Música Matérica* (IberAutor e Several Records). Estrea coa ORCAM o Concerto Grosso no Auditorio Nacional e un segundo coa OUAM e dirixe con grande éxito de público e crítica no Teatro de la Zarzuela -dende o piano solista-, a ORCAM na Leyenda de Gösta Berling, un encargo que lle fixo a orquestra xunto ao Teatro de la Zarzuela do *Concierto-Proyección*. Estrea na tempada regular do mesmo teatro *a-Babel*, dirixíndoa escénica e musicalmente.



XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2017

MÚSICA [E OUTRAS ARTES]

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal

Próximos concertos

OUTUBRO

GRUPO INSTRUMENTAL SIGLO XX
Sáb 14—20.30 h—Igrexa da Universidade

SIGMA PROJECT
Ven 20—20.30 h— Teatro Principal

MAGDALENA LLAMAS, mezzosoprano
LUIS FERNANDO PÉREZ, piano
Sáb 21—20.30 h—Paraninfo da Universidade

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA
Casiano Mourinho Maquieira, director
Dom 22—12.00 h— Teatro Principal

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Xov 26—20.30 h—Auditorio de Galicia*
Ven 27—18.30 h—Auditorio de Galicia**

PAULO p., gaita—**BERTA FRESCO**, piano
Ven 27—20.30 h—Paraninfo da Universidade

VERTIXE SONORA ENSEMBLE
Sáb 28—20.30 h—CGAC

**GRUPO DE DANZA CONTEMPORÁNEA DO
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA
DE LUGO- GRUPO DE PERCUSIÓN DO
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
XOÁN MONTES DE LUGO**
Diego Ventoso, director
Dom 29—12.30 h
Auditorio de Galicia- Sala Mozart

* Entrada 15 euros (con descontos do 50%)

** Entrada 5 euros

